CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN CORAL GALEGA PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADES DESTINADO AO FORTALECEMENTO, PROMOCIÓN E VERTEBRACIÓN DO MOVEMENTO CORAL GALEGO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Federación Coral Galega o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Federación Coral Galega para a realización dun programa de actividades destinado ao fortalecemento, promoción e vertebración do movemento coral galego.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades, por canto é a Federación Coral Galega a encargada de promover a difusión da música coral, a formación dos cantores e fomentar a pedagoxía musical infantil.

Por todo o anterior é a Federación Coral Galega a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: X6Uap6qL9nJ1 https://sede.xunta.gal/cve

recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

Asinado por: ANXO MANUEL LORENZO SUAREZ
Cargo: Director Xeral de Cultura
Data e hora: 01/10/2026 11:59:59

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: X6Uap6qL9nJ1 https://sede.xunta.gal/cve